

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA NA INFORMACIÓN DO TELÉFONO DA SOIDADE NON DESEXADA PARA O EXERCICIO 2025.

Lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte Sara Catrain González con DNI 32428987E, en calidade de presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, con número de Identificación Fiscal Q1566002J e enderezo na Rúa Riego de Agua, nº 29-4º, 15001 da Coruña, en uso das facultades que lle veñen atribuídas en virtude do acordo do seu nomeamento pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña na reunión celebrada con data 28 de xullo de 2022, de conformidade co artigo 34 dos seus estatutos.

Don Manuel Ángel Barreira Fernández con DNI 33859661G, en calidade de presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo, con número de Identificación Fiscal Q2766002F e enderezo na Rúa Ramón y Cajal, nº 2 – 2º, 27002 de Lugo, en uso das facultades que lle veñen atribuídas en virtude do seu nomeamento pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo na reunión celebrada con data do 23 de xullo de 2025, de conformidade co artigo 34 dos seus estatutos.

Don Santiago Leyes Vence con DNI 44473990v, en calidade de presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense, con número de Identificación Fiscal Q3266002I e enderezo na Rúa Ramón Cabanillas, nº 2-1º, 32004 de Ourense, en uso das facultades que lle veñen atribuídas en virtude do seu nomeamento pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Ourense na reunión celebrada con data do 25 de outubro de 2023, de conformidade co artigo 34.1 dos seus estatutos.



Dona Beatriz García Iglesias con DNI76929290V, en calidade de presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra, con número de Identificación Fiscal Q3666002E e enderezo na Rúa Echegaray, nº 10, 36002 de Pontevedra, en uso das facultades que lle veñen atribuídas en virtude do seu nomeamento pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra na reunión celebrada con data 9 de xuño de 2025, de conformidade co artigo 36 dos seus estatutos.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade considera prioritario potenciar actuacións que contribúan a diminuír a soidade non desexada; dentro destas actuacións englobase a información, publicidade e difusión, que son os piares deste convenio.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.





Que con carácter específico lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en particular no marco desas competencias están comprendidas as funcións relativas ao fomento e á promoción da autonomía persoal, do envellecemento activo e das relacións interxeracionais.

Cuarto. Que a soidade non desexada pode definirse como unha experiencia persoal negativa na que un individuo ten a necesidade de comunicarse cos demais e percibe deficiencias nas súas relacións sociais, xa sexa porque ten menos relacións das que lle gustaría ou porque as relacións que ten non lle ofrecen o apoio emocional que desexa, polo que é unha condición incontrolable na que a persoa experimenta e sente soidade.

Segundo a Enquisa Continua de Fogares do Instituto Nacional de Estatística, en Galicia existen:

- Entre 20 e 64 anos: 149.500 persoas que viven soas, é dicir, o 9,5% do total. Con respecto a España este peso aumenta case un punto.
- Maiores de 64 anos: 139.700 persoas que viven soas, é dicir, o 20,8% das persoas maiores, case tres puntos por baixo da media nacional (23,5%).

A estandarización de intervencións contra a soidade non desexada non e doada a priori debido á individualidade da experiencia e á posible situación do illamento das persoas. Por iso compre enfocar as intervencións sobre a base de experiencias reais das que se poidan inferir conclusións.

Todo o anterior determina a necesidade de fomentar e promover proxectos experienciais que estean orientados a reducir paliar e loitar contra as situacións de soidade non desexada.

Quinto. Que a Consellería de Política Social e Igualdade e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra están interesados en establecer canles de colaboración para informar á poboación da existencia do teléfono da Soidade Non Desexada en Galicia. A información facilitarase nas farmacias da comunidade autónoma a través dos seus farmacéuticos/as e dirixirse ás persoas usuarias destas. A finalidade é dar a coñecer a existencia do teléfono da Soidade Non desexada e o uso que deste poden facer as persoas maiores, vivan ou non soas, que senten que as súas relacións interpersoais son insuficientes ou de baixa calidade e tratar deste xeito de minorar na medida do posible as



consecuencias negativas que esta situación de soidade provoca a nivel emocional, físico e de desconexión progresiva da súa contorna.

Sexto. Que ambas as partes consideran de mutuo interese establecer a antedita colaboración no ámbito social a través da sinatura do presente convenio, coa finalidade de garantir que o teléfono da Soidade Non Desexada chegue ao maior número de persoas posibles e maximizar deste xeito o seu impacto social.

E en virtude do exposto, e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade legal suficiente, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para proporcionar información sobre a existencia e utilidade do teléfono da Soidade Non Desexada en Galicia durante o ano 2025.

A información facilitarase nas farmacias da comunidade autónoma de Galicia a través dos seus farmacéuticos/as e dirixirase ás persoas usuarias destas. A finalidade é dar a coñecer a existencia do teléfono da Soidade Non Desexada e o uso que deste poden facer as persoas maiores, vivan ou non soas que senten que as súas relacións interpersoais son insuficientes ou de baixa calidade e tratar de minorar na medida do posible as consecuencias negativas que esta situación de soidade provoca.

SEGUNDA. Ámbito e natureza

O ámbito de intervención deste convenio é o da comunidade autónoma de Galicia e a natureza desta cooperación radica en que desde calquera farmacia de Galicia por medio dos seus farmacéuticos, poden detectar os casos de Soidade Non Desexada entre as persoas asiduas a súas farmacias.

O interese público deste servizo telefónico queda acreditado como unha actuación innovadora de atención ás persoas que se atopan en situación de soidade non desexada, principalmente para persoas maiores en situación de soidade non desexada. Ditos servizos telefónicos incluírán un enfoque de prevención, identificación e atención ás persoas que se atopan na devandita situación e serán atendidos por persoal



especialista, formado para ese efecto.

TERCEIRA. Orzamento

Este convenio non supón ningún gasto para a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non hai consignación orzamentaria.

CUARTA. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da actuación obxecto deste convenio, consistente na transmisión de información sobre o teléfono da Soidade non desexada a través das farmacias de Galicia, son as persoas que acoden ás ditas farmacias e poden atoparse en risco de estar nesa situación de soidade ou xa padecela.

QUINTA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por catro representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e un representante de cada un dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos, designados por cada unha das partes, así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración.

A secretaría deberá ser asumida por unha das persoas representantes da Consellería adscrita á Dirección Xeral de Miores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a presidencia, así como a designación da súa suplencia, que actuará nese caso con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEXTA. Confidencialidade e protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de





2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Non se considera por tanto, que, como consecuencia do presente convenio de colaboración exista ningunha cesión de datos persoais entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra distintos dos facilitados para a propia elaboración e xestión do presente convenio.

SÉTIMA. Resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento de calquera das cláusulas por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial firme declaratoria da nulidade do convenio.

OITAVA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá validez ata o **31 de decembro de 2025**.

NOVENA. Obrigas de publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. Natureza e réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polo principios xerais establecidos na lexislación sobre contratación pública, para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.



As cuestións que poida suscitar a aplicación do presente convenio serán resoltas polos tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínanos no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

A conselleira

Fabiola García Martínez

Polo Colexio Oficial
de Farmacéuticos da Coruña

A presidenta

Sara Catrain González

Polo Colexio Oficial
de Farmacéuticos de Lugo

O presidente

Alejandro Sánchez Pérez-Mel

Polo Colexio Oficial
de Farmacéuticos de Ourense

O presidente

Santiago Leyes Vence

Polo Colexio Oficial
de Farmacéuticos de Pontevedra

A presidenta

Beatriz García Iglesias

